

Recital Poético DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO 2019

#MuseoDasAvesDeCospeito 24 de Febreiro

Feb 22, 2019 | ACTUALIDADE, Avisos, CONCELLO, Eventos, Novas, SERVIZOS, TURISMO

Fonte CulturaliaGz.

O vindeiro 24 de febreiro conmemórase o [Día de Rosalía de Castro](#), unha celebración promovida pola AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega). Como en edicións anteriores haberá distintas actividades por toda a xeografía galega. E unha desas actividades vai ter lugar no Concello de Cospeito, concretamente no [Museo das Aves](#) de dito concello.



Recital Poético DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO 2019

FEBREIRO

24

12:30 H.

**MUSEO
DAS AVES**

COSPEITO



Adolfina Mesa

ORGANIZAN:

 **CONCELLO**

COLABORA:

 **asociación de
escritoras e
escritores**

O acto, organizado conxuntamente polo mencionado [Concello de Cospeito](#) e [Culturalia GZ](#), en colaboración coa [AELG](#), consistirá primeiramente na lectura do [Manifesto](#) da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 2019, elaborado nesta ocasión pola escritora [Ana Romaní](#). Deseguido virá o momento do recital de poemas rosalianos ou de autoría da/-o participante e que aludan á autora homenaxeada. Ademais dun grupo de poetas convidadas/-os, tamén se contará coa participación de estudantes do colexio de Cospeito e/ou arredores e calquera outra persoa que desexe recitar ou amosar o seu aprecio pola figura de Rosalía de Castro.

Para a divulgación deste evento poético contamos coa cesión dunha imaxe de Rosalía realizada dixitalmente pola artista [Adolfina Mesa](#), quen tamén traballou na elaboración do [cartaz](#) anunciador.

Ao remate do acto tamén se ten previsto a entrega de diplomas ás persoas participantes para deixar constancia da súa intervención neste día de celebración rosaliana.

[Seccións máis visitadas](#)